



EXPOSICIÓN 50 ANIVERSARIO

O CPI Atios inaugurou o venres 12 de maio ás 19:00 horas na Casa da Cultura a exposición sobre o seu 50 aniversario, baixo o título «Sementando soños».

Unha mostra que permitirá realizar un percorrido por este últimas cinco décadas a través de fotografías e unha chea de obxectos cedidos todos eles por antigos alumnos e tamén aqueles que actualmente acoden ás aulas.

A exposición nace por mor do traballo das comisións creadas no centro para organizar os actos de celebración da efeméride, nas que se volcaron pais, antigos alumnos, docentes, persoal do colexio... Así, e co ánimo de recompilar información, foron promovendo encontros de estudiantes agrupados por décadas.

Reunións nas que se achegou material, compartindo recordos e moitas anécdotas. Aseguran que sería imposible materialmente dar visibilidade a toda a historia vivida neses 50 anos, xa que, botando contas, pasarían polas aulas máis de 25.000 estudiantes, a razón de 500 por curso no medio século.

Por iso, e para facer selección, utilizaron como fío condutor da exposición os feitos históricos que marcaron neste tempo o día a día do centro.

Tras a inauguración, a mostra poderá visitarse de luns a venres de 16 a 19 horas, e o sábado, de 11 a 14 h. Así mesmo, está previsto que todos e cada un dos cursos do CPI pasen pola mostra, ademais de promover visitas por promocións, de modo que a exposición se convierta nun punto de reencontro entre as diferentes xeracións do Atios.



ENLACES:

<https://galiciaartabra.es/archivos/291709>

<https://www.diariodeferrol.com/articulo/comarcas/cpi-arios-valdovino-recuerda-50-anos-exposicion-sementando-sonos-4287358>

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/actualidad/sementando-sonos-los-50-anos-del-cpi-arios-de-valdovino-a-coruna-en-una-exposicion>

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/valdovino/2023/05/09/historia-ceip-arios-exposicion/0003_202305F9C6994.htm

GALERIA DE FOTOS :

<https://photos.app.goo.gl/ejaU29sjuxTQwTaV7>